



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CSELE03	Automatización e robótica industrial	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0971	Empresa e iniciativa emprendedora	2018/2019	3	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	PILAR ALCAINA FERREIRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de EIE ao igual que o de FOL é transversal e común a todos os ciclos formativos tanto de grao medio como superior e validable, e contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

Esta programación está elaborada de acordo ao determinado no Real decreto 1581/2011, do 4 de novembro, que establece o título de técnico superior en automatización e robótica industrial e as súas correspondentes ensinanzas mínimas, e no Decreto 102 /2013, do 13 de xuño, polo que se establece o currículo do mesmo.

Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

A competencia xeral deste título consiste en desenvolver e xestionar proxectos de montaxe e mantemento de instalacións automáticas de medida, regulación e control de procesos en sistemas industriais, así como supervisar ou executar a montaxe, o mantemento e a posta en marcha deses sistemas, respectando criterios de calidade, seguridade e respecto polo ambiente e o deseño universal.

Neste sentido o módulo de EIE contribúe a acadar diversas competencias profesionais, persoais e sociais, e en particular:

- Arranxar situacións, problemas ou contingencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.
- Organizar e coordinar equipos de traballo con responsabilidade supervisando o seu desenvolvemento, mantendo relacións fluídas, asumindo o liderado e achegando solucións aos conflitos de grupo que se presenten.
- Comunicarse con iguais, superiores, clientela e persoas baixo a súa responsabilidade, utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo a información ou os coñecementos adecuados e respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do seu traballo e o do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, de acordo co establecido pola normativa e os obxectivos da empresa.
- Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade, de accesibilidade universal e de deseño universal nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.
- Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa e ter iniciativa na súa actividade profesional, con sentido da responsabilidade social.
- Exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se derivan da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación, participando activamente na vida económica, social e cultural.

O desenvolvemento do currículo deste título capacita para poder exercer a súa actividade en empresas públicas e privadas relacionadas cos sistemas automáticos industriais, nas áreas de deseño, montaxe e mantemento de sistemas de automatización industrial sendo as ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Xefe/a de equipo de supervisión de montaxe de sistemas de automatización industrial.
- Xefe/a de equipo de supervisión de mantemento de sistemas de automatización industrial.
- Verificador/ora de aparellos, cadros e equipamentos eléctricos.
- Xefe/a de equipo en taller electromecánico.
- Técnico/a en organización de mantemento de sistemas de automatización industrial.
- Técnico/a de posta en marcha de sistemas de automatización industrial.
- ¿ Proxectista de sistemas de control de sistemas de automatización industrial.



- Proxectista de sistemas de medida e regulación de sistemas de automatización industrial.
- Proxectista de redes de comunicación de sistemas de automatización industrial.
- Programador/ora controlador/ora de robots industriais.
- Técnico/a en deseño de sistemas de control eléctrico.
- Deseñador/ora de circuitos e sistemas integrados en automatización industrial.

Non está de máis indicar aquí que a actual situación económica non permite, nin moito menos, garantir que a experiencia laboral do noso alumnado se ciña exclusivamente ao sector dos seus estudos ao longo de toda a súa vida laboral (sendo, como sabemos, a experiencia previa de traballo por conta allea un elemento moi influente na decisión de iniciar a actividade emprendedora).

Por último, indicar que na actualidade existen moitas máis experiencias vitales das que poden xurdir unha iniciativa emprendedora, diferentes as estritamente relacionadas ca vida académica.

En definitiva, este módulo debe fomentar que o alumnado mire diferentes aspectos das empresas de instalacións eléctricas e automáticas, pero non podemos pecharlle o camiño a experiencias emprendedoras nos máis variados sectores.

Todo o anterior permite explicar por qué, na elaboración do plan de empresa, permitimos ideas de negocio coas que o alumnado se sinta identificado, aínda que non pertencen ao sector de carrozaría. Este punto o especificamos no apartado 10 desta programación.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Empresa e iniciativa emprendedora. A idea do emprendedor Descrición Duración (sesións) Empresa e iniciativa emprendedora. A idea do emprendedor Accións	Preténdese que o alumno ao final de a unidade identifique e recoñezca as capacidades asociada á iniciativa emprendedora analizando os requirimentos derivados dos posto de traballo e de actividades empresariais. Aprenderá as características que adorna aos emprendedores hoxe en día e os diferentes cambios que sufriron as empresas de hoxe en día. Vera a importancia que ten a innovación co o progreso da sociedade eo aumento do benestar dos endividuos.	4	8
2	A organización da empresa. A contorna empresarial	Preténdese que o alumno comprenda o marco legal, económico e organizativo que regula e condiciona a súa actividade profesional por conta propia, constituíndo unha empresa.	6	6
3	O análise do mercado e o plano de marketing.	Preténdese que o alumno identifique e analice o proceso e as formas máis usuais no sector de promoción de vendas de produtos ou servizos. O alumno debe ser capaz de identificar e describir os medios máis habituais de promoción de vendas en función do tipo de produto e/ou servizo ademais de explicar os principios básicos do merchandising	8	6
4	O plano de operacións.	Preténdese que o alumno identifique o proceso de investimento-financiamento existente na empresa, analizando en detalle as principais fontes de financiamento propias e alleas e a importancia que presenta a súa elección en función da rendibilidade que espera obterse dos proxectos de investimento.	8	8
5	O plano de investimento e financiamento	Preténdese que o alumno identifique os distintos elementos que integran o patrimonio dunha empresa, a súa representación contable, e a súa interpretación a través de distintos cocientes financeiros. Así mesmo, haberá de identificar a diversidade de gastos e ingresos nos que incorre a empresa no exercicio da súa actividade e que quedan reflectidos na conta de resultados, completando a análise financeira e económico que realice a través do estudo do limiar de rendibilidade.	5	18
6	A análise contábel e viabilidade económica e financeira.	Preténdese que o alumno identifique as principais formas xurídicas que poden adoptar as empresas, así como os trámites que son precisos para a súa constitución e posta en marcha, ao obxecto de que poida elixir a modalidade xurídica que resulte máis adecuada á actividade que pretenda desenvolver.	8	15
7	Formas xurídicas da empresa e a súa constitución	Preténdese que o alumno identifique os principais tributos que afectan á actividade empresarial, analizando a función de financiamento do gasto público que cumpren no marco da Economía en xeral, as súas características, elementos e tipos básicos que poden distinguirse, facendo especial fincapé nos impostos. Neste sentido, apreciará a diferenza existente entre os impostos directos e indirectos e identificará o réxime fiscal aplicable ao empresario individual e ao empresario social, a través da análise dos principais impostos que inciden na súa actividade.	6	9
8	A fiscalidade empresarial.	Preténdese que o alumno comprenda os documentos básicos utilizados na actividade económica normal da empresa. E sexa capaz de cumprimentar os seguintes documentos: nota de pedido, albarán, factura, letra de cambio, cheque e recibo a partir de datos supostos	4	8
9	Os procesos administrativos da empresa e os seus documentos.	Preténdese que o alumno elabore o proxecto de creación dunha pequena empresa do sector, con obxecto de que poida aplicar, de forma integrada, os coñecementos que adquiriu ao longo deste módulo formativo. Por este motivo, nos diferentes apartados desta Unidade de Traballo efectúanse continuas remisións ás Unidades de Traballo desenvolvidas no módulo.	4	22



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Empresa e iniciativa emprendedora. A idea do emprendedor iniciativa emprendedora. A idea do emprendedor Accións	Descrición Duración (sesións) Empresa e 4

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector de electricidade e electrónica.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da automatización e robótica industrial, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA2.12.1 Elaborouse un plano de empresa que inclúa unha idea de negocio.

4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de automatización e robótica industrial (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
A actuación das persoas emprendedoras no sector de electricidade e electrónica.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da automatización e a robótica industrial



Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A organización da empresa. A contorna empresarial	6

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de automatización e robótica industrial en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa automatización e robótica industrial e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identificáronse, en empresas de automatización e robótica industrial, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA2.12.2 Elaborouse un plano de empresa que inclúa a localización e a responsabilidade social.

4.2.e) Contidos

Contidos
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de automatización e robótica industrial: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de automatización e robótica industrial: clientela, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	O análise do mercado e o plano de marketing.	8

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA2.12.3 Elaborouse un plano de empresa que inclúa o plano de marketing.
CA2.13 Descríronse os principais elementos do plano de marketing.

4.3.e) Contidos

Contidos
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.
Descrición dos elementos e estratexias do plano de marketing.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	O plano de operacións.	8

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.11 Descríbense as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de automatización e robótica industrial, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing.
CA2.12.4 Elaborouse un plano de empresa que inclúa a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios.

4.4.e) Contidos

Contidos
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de marketing.
Descrición dos elementos e estratexias do plano de produción.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O plano de investimento e financiamento	5

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de automatización e robótica industrial tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA3.9.1 Incluíuse no plano de empresa a información relativa ás axudas e as subvencións.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.
CA4.5.1 Elaborouse o plano financeiro.

4.5.e) Contidos

Contidos
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de automatización e robótica industrial.
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector de electricidade e electrónica.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A análise contábel e viabilidade económica e financeira.	8

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.
CA4.5.2 Analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.6.e) Contidos

Contidos
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e razóns financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.



4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Formas xurídicas da empresa e a súa constitución	6

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analízouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector de electricidade e electrónica.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA3.9.1 Inclúese no plano de empresa a información relativa ás axudas e as subvencións.
CA3.9.2 Inclúese no plano de empresa información relativa á escolla da forma xurídica e os trámites administrativos.

4.7.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresariado.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.



4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A fiscalidade empresarial.	4

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coa automatización e robótica industrial, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fisc

4.8.e) Contidos

Contidos
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.



4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Os procesos administrativos da empresa e os seus documentos.	4

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.9 Inclúise no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA3.9.3 Inclúese no plano de empresa información relativa os trámites administrativos.
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d

4.9.e) Contidos

Contidos
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de automatización e robótica industrial: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXÍBEIS PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA :

Valorouse a importancia do autoemprego a cultura emprendedora e a innovación.

Identificáronse as funcións básicas dunha empresa e os elementos do seu contorno.

Analizáronse os factores que inflúen no mercado e identificáronse as técnicas de marketing.

Diferenciáronse os distintos tipos de formas xurídicas e a responsabilidade dos socios.

Levou a cabo un estudo de viabilidade económica e financeira dunha peme do sector.

Definíronse as obrigacións fiscais e diferenciáronse os tipos de impostos aplicables no calendario fiscal.

Identificouse a documentación básica de carácter comercial e contábel para unha peme do sector, e describíronse os circuitos que percorre na empresa.

Elaborouse un plano de empresa.

5. B CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Para determinar a cualificación dos alumnos, o longo do curso teranse en conta coxuntamente, aspectos coma os seguintes:

Resultados obtidos polos alumnos nas probas escritas (Exame).

Valoración dos traballos entregados ao profesor (individuais ou en grupo)

Rendemento en tarefas propostas

Valoración do traballo diario realizado na clase.

Actitude/conducta manifestada polo alumno nas clases e no traballo diario.

Puntualidade, corrección na súa conducta en relación co resto de compañeiros e co profesor, etcétera.

PONDERACIÓN A EFECTOS DE DETERMINA-LA NOTA FINAL:

****PROBAS ESCRITAS (EXAME)** (valor do 70% -máximo 7 puntos sobre 10). Estas probas poden consistir nun cuestionario con afirmacións para identificar se son verdadeiras ou falsas ou preguntas test con escolla da alternativa correcta ou preguntas con respostas breves e, de ser o caso, casos prácticos similares aos realizados na clase. Cada proba puntuarase de 0 a 10. No caso de facer máis dunha proba por avaliación, calcularase a media aritmética de todas elas. Neste apartado Será necesario acadar cando menos un 4 no/s exame/s parciais para poder facer media entre eles, e acrecentar á nota obtida de traballos e da actitude. De obter menos dun 4, a avaliación estará suspensa e deberá recuperar a parte non superada.

****TRABALLOS PRESENTADOS** (individuais ou en grupo) (valor do 20% -máximo 2 puntos sobre 10). Valorarase neste epígrafe o cumprimento das pautas e prazos dados polo profesor/a correspondente. Cada traballo puntuarase de forma individual de 0 a 10, calculando para cada avaliación a media aritmética de tódalas notas obtidas nos traballos. Os traballos presentados fóra de prazo, salvo causa debidamente xustificada polo alumno, non serán cualificados.

****ACTITUDE DO ALUMNO** (valor 10%. Máximo 1 punto sobre 10): Todos os alumnos partirán dunha nota inicial de 10 e descontarase un punto por cada incumprimento realizado polo alumno, como por exemplo: impuntualidade non xustificada, faltas de respecto os compañeiros/profesor, non entregar traballos requiridos ou entregalos fora de prazo, non traer de forma inxustificada o material necesario a clase (apuntamentos



facilitados polo profesor, libro de texto, caderno de clase, etc-), emprego do móbil ou dispositivos electrónicos, (cando non esté, expresamente e puntualmente, autorizado polo profesor a súa utilización), comer ou beber na clase (salvo autorización expresa e puntual do profesor), interferir no desenvolvemento correcto das clases con interrupcións constantes, incurrir en calquera outro comportamento do alumno que vaia en contra das normas básicas de convivencia para garantir o correcto desenvolvemento das clases, etc.

Será necesario acadar cando menos un 4 no/s exame/s parciais para poder facer media entre eles, e acrecentar á nota obtida de traballos e da actitude. De obter menos dun 4, a avaliación estará suspensa e deberá recuperar a parte non superada. A CUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO virá dada pola NOTA MEDIA DOS TRIMESTRES (expresada de 1 a 10, sen decimais). O MÓDULO de EIE estará superado satisfactoriamente cando o alumnado obteña unha NOTA IGUAL OU SUPERIOR A 5.

NOTA ACLARATORIA.- REDONDEOS:

**Nas AVALIACIÓNS PARCIAIS, a nota media ponderada (proba escrita + traballos + actitude), redondearase por defecto o enteiro máis próximo, depreciando todos os decimais.

**A efectos de determinar a NOTA FINAL DO MÓDULO, correspondente a AVALIACIÓN FINAL, farase o cálculo collendo a nota obtida polo alumno en cada unha das avaliacións parciais, (sen desprezar ningún decimal), e calculando unha MEDIA ARITMÉTICA de todas elas. Neste caso o redondeo será por exceso ao enteiro máis próximo, sempre que as decimais obtidas sexan de 0,5 ou máis, (e por defecto no caso contrario).

**EN TODO CASO O REDONDEO POR EXCESO, NON OPERA, CANDO A NOTA MEDIA PONDERADA (parcial ou total) SEXA INFERIOR A 5.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Aquel alumnado que non acade unha cualificación de 5 no proceso de avaliación continua, deberá recuperar as probas obxectivas non superadas e realizar os traballos pendentes de ser o caso.

A recuperación das probas obxectivas consistirá na realización dun exame dos contidos pendentes e terá como referencia os contidos mínimos establecidos nesta programación.

Este exame superarase sempre que saque alomenos un 5

A nota final acadarase tendo en conta o resto de instrumentos de avaliación empregados durante o curso de ser o caso.

Con anterioridade a realización da proba final realizaranse actividades de reforzo dos contidos de cada unidade formativa que a modo de orientación son expostos a continuación:

Para acadar RA1:

Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade

Repaso de contidos referentes a :

- Innovación e desenvolvemento económico
- Cultura emprendedora en Galicia e España no marco da UE
- Factores clave das persoas emprendedoras
- Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e valoración destas
- Plan de Empresa: importancia e utilidade, estrutura e aplicación

Para acadar RA2



Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o ámbito, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos

Repaso de contidos referentes a :

- A empresa como concepto, funcións e clasificacións
- Análise do entorno dunha PEME do sector da carpintería e moble
- Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sostible
- Cultura empresarial, comunicación e imaxe corporativa
- Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de marketing
- Plan de Empresa: organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, plan de marketing

Para acadar RA3:

Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha

Repaso de contidos referentes a :

- Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e mediana empresa no sector da madeira
- Formas xurídicas da empresa: criterios de elección da forma xurídica
- Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa
- Plan de Empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, a xestión de axudas e subvencións

Para acadar RA4

Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena e mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación

Repaso de contidos referentes a :

- Concepto e nocións básicas de contabilidade
- Análise da información contable
- Estudo de viabilidade económica e financeira
- Obrigas fiscais dunha PEME
- Ciclo de xestión administrativa nunha empresa: de carpintería: documentos administrativos e documentos de pagamento
- Plan de Empresa: viabilidade económica-financieira

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perde o dereito á avaliación terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, que poderá ser no mes de marzo.

A proba consistirá en dúas partes:

- a) Teórica (4 puntos) que poderá incluír preguntas tipo test ou preguntas cortas; as preguntas deberán permitir comprobar que se cumpre polo menos un dos CA de cada un dos RA (son 4)



b) Práctica (6 puntos): resolución de casos prácticos que poderán pertencer ás unidades 4 (cálculo de custes financeiros na financiación allea), 5 (elaboración de plan de tesouraría, balance de situación e conta de resultados; análise do balance de situación: equilibrio, suspensión de pagos e quebra técnica; aplicación de ratios no análise da rendibilidade económica e financeira) e 7 (casos prácticos de cálculo de imposto de sociedades, método de estimación directa de IRPF e cálculo de IVE ou ITPAJD)

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

No referente ao seguimento da programación parécenos suficiente con utilizar os seguementos que proporciona esta aplicación. De todos os xeitos, en todas as reunións mensuais do departamento, un punto obrigatorio da orde do día e a confirmación de que estes seguimentos da aplicación están sendo realizados, así como o comentario de calquera incidencia no seguimento da programación. No que se refire á avaliación da propia práctica docente decidimos no departamento que e suficiente cas enquisas que se realizan entre o alumnado.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Nos centros nos que está implantado o sistema de calidade todas as equipas docentes realizan unha reunión ao inicio do curso para contrastar e valorar a avaliación inicial feita polos titores. Dado que estamos falando de ensino non obrigatorio este procedemento parécenos suficiente.

Os membros do departamento decidimos que, se o profesor o considera necesario en algún curso concreto, imos a adoptar como procedemento un cuestionario inicial que (sen ser modelo oficial) ven proposto na web de calidade: "15015767 - Cuestionario - Alumnado. Avaliación inicial".

O cuestionario o achegamos como anexo a esta programación no punto 10.

No caso concreto da modalidade a distancia, non se considera necesario que o alumnado realice este cuestionario.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O significado educativo da Atención á Diversidade pode concretarse nos seguintes puntos:

- Pártese da idea de que as persoas son diferentes e que xa que logo a escola debe axudar a cada un a desenvolver as súas aptitudes.
- A crenza de que a vida é unha carreira na que só uns poucos conseguen chegar ao final, fai que se intente eliminar a competitividade.
- Non se trata de educar na igualdade, senón ofrecer a todos as mesmas oportunidades para ser desiguais.

Todo iso está fundamentado nunha serie de principios básicos e fundamentais:

a) Principio de normalización: necesidade de que calquera alumno beneficiase, sempre que sexa posible, dos servizos educativos ordinarios.

b) Principio de individualización: todo centro docente ten como tarefa primordial proporcionar a cada alumno a resposta que necesita en cada momento para desenvolver de forma óptima as súas capacidades e as súas posibilidades reais.

Para levar a cabo o desenvolvemento do tratamento da diversidade, é preciso analizar cada caso para aplicar a medida apropiada.

É preciso indicar que na formación profesional específica, ensino postobligatoria, non caben as adaptacións curriculares significativas, as



adaptacións que se poden aplicar deben ser non significativas, xa que logo existen dúas situacións:

1. Necesidades sensoriais: utilizaranse elementos materiais, escritos, audiovisuais e informáticos, de acceso ao currículo.
2. Diversidade de intereses e/ou ritmos nas aprendizaxes: utilizaranse actividades de apoio, reforzo ou ampliación segundo a situación, estas actividades versan sobre o tema e débense desenvolver no aula.

No esencial, estas medidas consisten en proporcionar a este alumnado, prácticas complementarias as previstas para o conxunto do grupo da clase co fin de facilitar que alcancen os RA buscados. Nalgunha ocasión, cando se manifieste unha motivación para aprender adecuada pero aínda así non se alcancen os obxectivos programados, esa práctica non será complementaria, senón substitutiva da prevista para o grupo.

Para aqueles alumnos que durante o curso non superen as distintas avaliacións ou requiran algún reforzo, por observarse algún problema no aprendizaxe:

1. Se lles facilitarán actividades consistentes en exercicios prácticos, e cuestionarios para aclarar aqueles aspectos onde se detectaron maiores deficiencias.
2. Se lle realizará unha proba escrita sobre os contidos da avaliación non superada.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A finalidade da educación é o desenvolvemento integral do alumnado. Isto supón atender non só ás capacidades cognitivas ou intelectuais dos alumnos senón tamén ás súas capacidades afectivas, motrices, de relación interpersonal e de inserción e actuación social.

A formación ético-moral xunto coa formación científica debe posibilitar esa formación integral.

A Lexislación educativa estableceu os currículos das distintas etapas educativas e neles os ensinamentos ou temas transversais que deben estar presentes nas diferentes áreas.

O carácter transversal fai referencia a diferentes aspectos:

- a) Os temas transversais abarcan contidos de varias disciplinas e o seu tratamento debe ser abordado desde a complementariedade.
- b) Non poden suscitarse como un programa paralelo ao desenvolvemento do currículo senón insertado na dinámica diaria do proceso de ensino-aprendizaxe.
- c) Son transversais porque deben impregnar a totalidade das actividades do centro.

Por outra banda, os temas transversais deben contribuír especialmente á educación en valores morais e cívicos do alumnado.

Son considerados temas transversais:

- Educación moral e cívica.
- Educación para a paz.
- Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos.
- Educación ambiental.
- Educación para a saúde.
- Educación vial.
- Educación do consumidor.
- Educación para o desenvolvemento.
- Educación para o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

Para tratar os temas transversais, tarefa complexa na Formación Profesional, o procedemento que se segue é o seguinte:



1. Determinar os temas transversais que, dunha forma natural e non forzada, aparecen nos obxectivos do módulo.
2. Definir os obxectivos específicos a lograr para cada un deles.
3. Indicar as unidades de traballo onde deben aplicarse.
4. Sinalar a metodoloxía a utilizar.
5. Indicar unha proposta de avaliación

Os obxectivos do módulo Empresa e iniciativa emprendedora propician o tratamento dos seguintes temas transversais:

- A. Educación moral e cívica.
- B. Educación para a paz.
- C. Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos.
- D. Educación ambiental.

A. Educación moral e cívica

Obxectivos

- Desenvolver de forma autónoma, racional e dialogante o sentido crítico.
- Conseguir comportamentos coherentes cos principios e normas que persoalmente constrúan, respectando aquelas que a sociedade de modo democrático e buscando a xustiza e o benestar colectivo deuse.

Unidades de traballo onde deben aplicarse

- Unidade 1. O emprendedor
- Unidade 3. A empresa e a súa entorna
- Unidade 4. A responsabilidade social do empresario
- Unidade 8. As obrigacións fiscais
- Unidade 12. O plan de empresa.

Metodoloxía

Aplicación do método de comprensión crítica:

A comprensión crítica pretende recadar información sobre realidades concretas, entender toda a súa complexidade, valorala e comprometerse na súa mellora. Inténtase fuxir de visións parciais ou simplistas buscando, seleccionando e contrastando informacións diversas.

O que se pretende é que o alumnado fórmese un xuízo crítico sobre os conflitos de valores que se xeran, así como propostas de solución desde unha perspectiva realista e de solidariedade.

Proposta de avaliación

Valoración da adopción por parte do alumnado de actitudes positivas ante a realidade social.

B. Educación para a paz

Obxectivos

- Recoñecer e afrontar as situacións de conflito desde a reflexión serena sobre as súas causas, tomando decisións negociadas para solucionarlas dunha forma creativa, tolerante e non violenta.
- Actuar na diversidade social e cultural cun espírito aberto, respectuoso e tolerante, recoñecendo a riqueza do diverso como elemento positivo que



nos suscita o reto permanente de superación persoal e social da nosa convivencia en harmonía.

Unidades de traballo onde debe aplicarse

- Unidade 4. A responsabilidade social da empresa
- Unidade 10. O plan de empresa.

Metodoloxía

Utilízanse os dilemas morais. A discusión de dilemas morais procura primeiro crear conflito, producir incerteza ou dúbida e logo axudar a restablecer o equilibrio nun nivel superior de xuízo moral.

Os dilemas morais son narracións que presentan un conflito de valor e que a través de preguntas inténtase chegar á mellor solución para o dilema.

Proposta de avaliación

Valoración da adopción por parte do alumnado de actitudes positivas ante a realidade social.

C. Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos

Obxectivos

- Incrementar a igualdade de oportunidades, superando a discriminación e fomentando a comunicación e a participación.

Unidades de traballo onde debe aplicarse

Todos no desenvolvemento diario da actividade académica.

Metodoloxía

- Diriximos co mesmo ton e léxico sen discriminar por ningún tipo de causa.
- Propiciar grupos de traballo mixtos.

Proposta de avaliación

Valoración da adopción por parte do alumnado de actitudes positivas ante a realidade social.

D. Educación ambiental

Obxectivos

- Tomar conciencia dos problemas medioambientales e responsabilizarse ca toma de medidas respecto diso.

Unidades de traballo onde debe aplicarse

- Unidade 6. Creación da pequena empresa
- Unidade 10. O Plan de empresa

Metodoloxía

Utilízanse os dilemas morais. A discusión de dilemas morais procura primeiro crear conflito, producir incerteza ou dúbida e logo axudar a restablecer o equilibrio nun nivel superior de xuízo moral.

Os dilemas morais son narracións que presentan un conflito de valor e que a través de preguntas inténtase chegar á mellor solución para o dilema.

Proposta de avaliación



Valoración da adopción por parte do alumnado de actitudes positivas ante a realidade social.

E. Educación do consumidor

Obxectivos

- Tomar conciencia dos problemas do consumismo e responsabilizarse con tómaa de medidas respecto diso.

Unidades de traballo onde debe aplicarse

- Unidades10. O Plan de empresa.

Utilízanse os dilemas morais. A discusión de dilemas morais procura primeiro crear conflito, producir incerteza ou dúbida e logo axudar a restablecer o equilibrio nun nivel superior de xuízo moral.

Os dilemas morais son narracións que presentan un conflito de valor e que a través de preguntas inténtase chegar á mellor solución para o dilema.

Aplicación do método de comprensión crítica:

A comprensión crítica pretende recadar información sobre realidades concretas, entender toda a súa complexidade, valorala e comprometerse na súa mellora. Inténtase fuxir de visións parciais ou simplistas buscando, seleccionando e contrastando informacións diversas.

O que se pretende é que o alumnado fórmese un xuízo crítico sobre os conflitos de valores que se xeran, así como propostas de solución desde unha perspectiva realista e de solidariedade.

Proposta de avaliación

Valoración da adopción por parte do alumnado de actitudes positivas ante a realidade social

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

No noso centro existe un viveiro de empresas orientado ó alumnado. Coordinarémonos coa persona encargada da súa dinamización para que, en pequenos grupos, se lles explique a funcionalidade dos viveiros e se lles anime a iniciar unha experiencia emprendedora.

Tamén no concello existe un viveiro de empresas. No departamento valoraremos se é viable organizar unha visita para algún ciclo no que valoremos que é moi probable exista algún futuro emprendedor.

Ademais do anterior, o departamento colaborará coas actividades do Departamento de Información e Orientación Profesional relacionadas con este módulo, e máis concretamente, coas actividades organizadas pola Coordinación da área de Emprendemento.

10.Outros apartados

10.1) O PLAN DE EMPRESA

Dadas as características deste módulo e tendo en conta o momento de especial dificultade na situación económica o plan de empresa que ten que elaborar todo o alumnado realizarase en base a unha idea de negocio elixida por eles. Aínda que se fomentará que crean unha empresa adicada a actividades do seu sector, non será requisito ineludible.

Por outra banda, a empresa poderá ser individual (una única persoa) pero tamén unha sociedade (unha persoa ou varios alumnos) ou cooperativa (varios alumnos). No caso de formar un grupo de promotores, o número máximo deles será de catro.

10.2) 15015767- Cuestionario -Alumnado. Avaliación inicial (collido da web de calidade)



So en circunstancias concretas utilizaríamos unha avaliación distinta da do titor do curso. Nese caso, utilizaríamos o seguinte cuestionario do Sistema de Xestión de Calidade.

Cuestionario inicial do alumnado

Ciclo formativo / FP Básica /Ano académico Grupo

Esta información ten carácter reservado e será empregada polo profesorado titor coa finalidade de facilitar a axuda que precise o alumnado do grupo.

A formalización dos recadros é, en todo caso, de carácter voluntario. É moi importante contestar con sinceridade.

Datos do/da alumno/a

Apelidos Nome DNI / NIE Data de nacemento

Enderezo durante o curso

(rúa, número, andar e letra)

Código postal e localidade Provincia Teléfono fixo Teléfono móbil Correo electrónico

Datos académicos

Estudos previos realizados

Titulación máxima alcanzada

Data de finalización e centro

Cursos repetidos

Recibiches algunha vez apoio educativo (adaptación ou diversificación curricular...)

O ciclo formativo que estás a cursar foi a túa primeira opción?

Acceso mediante proba?

Por que elixiches este ciclo formativo?

Cales son as expectativas respecto aos estudos que vés de iniciar?

En que che gustaría traballarao rematares os teus estudos?

Que outra formación complementaria desexarías recibir?

Realizas outros estudos ou actividades fóra do CIFP? Si/Non

En caso afirmativo, cales?

Gustaríache participar nas actividades do CIFP? Si/Non

En caso afirmativo, en cales?

Experiencia profesional

Posto de traballo Duración da actividade Lugar (empresa e localidade)

Outras actividades desenvolvidas

Afeccións

Actividades de lecer

(lectura, deporte, cine, informática e novas tecnoloxías, etc.)

Participación en actividades colectivas

(asociacións culturais, agrupacións deportivas, etc.)

Outra información que consideres oportuno achegar que poida influír nos teus estudos

10.3) CUESTIONARIO COÑECEMENTOS PREVIOS ESPECÍFICOS

Este cuestionario ten como único obxectivo coñecer a "cultura xeral" do alumno (coñecementos por medios de comunicación, lecturas propias, derivados da súa experiencia laboral) no referente a coñecementos relacionados co módulo. Non se puntúa, pois, de cara a avaliación do módulo.

PREGUNTAS:



1. EN QUE CONSISTE O ESPÍRITU EMPRENDEDOR:
2. EN QUE SE DIFERENCIA UNHA S.A. DUNHA S.R.L.?
3. QUE ENTENDES POR MARKETING-MIX?
5. SABES CAL É O CICLO DE VIDA DUN PRODUCTO?
6. QUE É UN ORGANIGRAMA?
7. É O MESMO UN TRIBUTO QUE UN IMPOSTO? (INTENTA RAZOAR A RESPOSTA)
8. QUE SIGNIFICAN AS SEGUÍNTES SIGLAS: I.R.P.F. - I.V.E. - IAE
9. QUE INDICAN AS EXPRESIÓNS:
¿ N.I.F.:
- ¿ C.I.F.:
10. QUE É UNHA AMORTIZACIÓN?
11. QUE SIGNIFICAN AS EXPRESIÓNS ¿ACTIVO¿ E ¿PASIVO¿ REFERENTES Á CONTABILIDADE DUNHA EMPRESA.
12. QUE É A ¿VENTANILLA ÚNICA EMPRESARIAL¿?
13. QUE TIPOS DE SOCIEDADES COÑECES?

10.4) LIBROS DE TEXTO e WEB para consultar toda a lexislación vixente.

LIBRO DE TEXTO RECOMENDADO:

Utilizarase como libro de texto recomendado para este módulo:

Empresa e Iniciativa emprendedora. Editorial Tulibrodefp

OUTROS LIBROS DE CONSULTA:

Empresa e Iniciativa Emprendedora: Editorial Editex

Empresa e Iniciativa Emprendedora: Editorial Mcmillan

Empresa e Iniciativa Emprendedora : Editorial EDEBÉ

Empresa e Iniciativa Emprendedora: Editorial McGraw-Hill

WEB RECOMENDADA PARA CONSULTAR LEXISLACIÓN:

https://boe.es/legislacion/codigos/codigo.php?id=035_Codigo_de_Comercio_y_legislacion_complementaria&modo=1